

NOTA INFORMATIVA SOBRE AS AXUDAS PARA A SUBMINISTRACIÓN DE FROITAS FRESCAS E LEITE ESCOLAR. CURSO 2023/2024

QUEN PODE SOLICITAR A AXUDA

Os solicitantes da axuda serán OS CENTROS ESCOLARES que pertencen aos niveis de ensino de **educación infantil de segundo ciclo**, primaria e secundaria, que comprenderá a educación secundaria obrigatoria (ESO), o bacharelato e a formación profesional de grao medio.

PRODUTOS QUE SE SUBVENCIONAN

- Froitas frescas e castañas e
- Leite líquido de consumo e as súas versións sen lactosa.

PERÍODOS DE SUBMINISTRACIÓN, CALENDARIO DE DISTRIBUCIÓN E RACIÓNS

1) A subministración nos centros escolares farase durante un ou os dous seguintes períodos de reparto autorizados:

1º PERÍODO: de novembro de 2023 a febreiro de 2024 (ambos incluídos).

2º PERÍODO: de marzo a xuño de 2024 (ambos incluídos).

CANDO SE SOLICITA A AXUDA, CÓMPRE TER COIDADADO DE QUE OS DÍAS (LECTIVOS) DE REPARTO NON PASEN DA DATA DE FINALIZACIÓN DO PERÍODO CORRESPONDENTE

A distribución de froitas frescas e castañas levarase a cabo, para cada un dos períodos, durante 10 días lectivos consecutivos.

A distribución de leite líquido de consumo levarase a cabo, para cada un dos períodos, durante un mínimo de 20 días lectivos consecutivos.

2) A ración máxima de consumo por alumno/a e día é de:

- Froitas frescas e castañas: 0,17 kg.
- Leite líquido de consumo e as súas versións sen lactosa: 200 cc.

CÁLCULO DO IMPORTE DA AXUDA A SOLICITAR

Para calcular o importe a solicitar teñan en conta os días totais de subministro, o número de alumnos/as e os prezos máximos por produto da columna central do Anexo I da resolución de convocatoria da axuda.

Poden realizar os cálculos cunha ración de consumo por alumno/a e día menor da ración máxima indicada no punto 2) do apartado anterior.

Se optan por produtos avalados por réximes de calidade, para realizar os cálculos teñan en conta que o importe máximo por produto se incrementa nun 30% (columna da dereita do Anexo I)

No caso do leite, para atopar máis facilmente este produto a un prezo de mercado que non supere os importes da columna central do Anexo I, recomendamos elixir leite amparado nun Réxime de Calidade



coma é o caso do leite con selo "Galega 100%" pois neste caso o importe máximo subvencionable é maior (o da columna da dereita do Anexo I) e, ademais, estamos apoiando aos nosos gandeiros.

TEÑAN EN CONTA QUE OS IMPORTES DO ANEXO I SON SEN IVE. NO IMPORTE DA AXUDA A SOLICITAR HAI QUE ENGADIR O 4% DE IVE

PRESENTACIÓN E TRAMITACIÓN DA SOLICITUDE DE AXUDA (Código do procedemento MR265B)

É OBRIGATORIO SOLICITAR OS DOUS GRUPOS DE PRODUTOS (FROITAS E LEITE).

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

O código deste procedemento é MR265B.

Na Sede electrónica da Xunta de Galicia, no procedemento MR265B teñen que:

- **PRESENTAR UN ANEXO II DE SOLICITUDE DE AXUDA XUNTO CO ANEXO II-A**, de aceptación de compromisos e certificación de datos do centro escolar, **para o grupo de produto de froitas frescas e castañas, e tamén**
- **PRESENTAR UN ANEXO II DE SOLICITUDE DE AXUDA XUNTO CO ANEXO II-B**, de aceptación de compromisos e certificación de datos do centro escolar, **para o grupo de produto de leite líquido de consumo.**

Débense cubrir todos os campos dos anexos e comprobar que os datos sexan correctos

PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo para presentar as solicitudes de axuda principia o 22 de xullo de 2023 e remata o día 20 de setembro de 2023 (incluídos).

Recomendamos non agardar á última semana para realizar todos os trámites por se xorde algún imprevisto.